

**RESOLUCIÓN REITORAL 9 DE DECEMBRO DE
2025 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA
EXTRAORDINARIA DE AVALIACIÓN DOCENTE
2024 PARA PERSOAL INVESTIGADOR
POSDOCTORAL.**

Conforme á normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente, quinquenios, aprobada no Consello de Goberno realizado o 02/12/2024, o persoal investigador posdoutoral contratado con dereito a impartir docencia (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva, e doutros programas posdoutorais da Universidade de Vigo, da Xunta de Galicia, do Estado ou da Unión Europea que permitan impartir docencia en POD), poderán someter tamén a avaliación a súa actividade docente nunha convocatoria extraordinaria, aínda que os correspondentes efectos económicos se xerarán soamente a partires do momento no que pasen a prestar servizos na Universidade como parte do cadro de persoal a tempo completo (laboral axudante doutor, profesor/a permanente laboral ou nalgunha figura funcional).

Por todo isto, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 81 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a convocatoria extraordinaria de avaliación docente 2024, quinquenios, para o persoal investigador que cumpra os requisitos exixidos polas bases redactadas conforme ao acordo da Comisión de Investigación do 4 de decembro de 2025.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer os seguinte recursos:

1. Recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou.
2. Recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación ou dende a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición interposto.

O REITOR

P.D. R.R. 30/05/2024 (DOG de 10 de xuño)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

Asinado dixitalmente por María Belén Rubio Armesto



ÍNDICE

1. Obxecto da convocatoria.
2. Condicións do recoñecemento.
3. Requisitos de participación.
4. Prazo e forma de presentación das solicitudes.
5. Contido das solicitudes.
6. Emenda.
7. Criterios para a avaliación.
8. Recoñecemento do complemento específico por mérito docente.
9. Medios de publicidade.
10. Réxime e tratamento de datos.



ANEXO I- BASES XERAIS

1. Obxectivo

A presente convocatoria ten como obxectivo ordenar o procedemento para que o persoal investigador posdoutoral que cumpra os requisitos sinalados nestas bases, poida someter a unha avaliación perante a Universidade de Vigo a actividade docente realizada antes do 31 de decembro de 2024 en réxime de dedicación a tempo completo computada en períodos de cinco anos.

2. Condicións do recoñecemento

Superada favorablemente a avaliación, o persoal investigador adquirirá e consolidará por cada unha delas, un compoñente por méritos docentes cuxos efectos económicos se xerarán a partir do momento no que pasen a prestar servizos na Universidade de Vigo como parte do cadro de persoal a tempo completo mediante as figuras contempladas na Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU) para o persoal docente e investigador.

O persoal investigador acumulará o compoñente de nivel 26 por méritos recoñecido ao que poida obter en sucesivas avaliacións.

3. Requisitos de participación

Para poder solicitar a avaliación da actividade docente, deben cumprirse os seguintes requisitos a 31 de decembro de 2024:

- a) Ter relación laboral como persoal investigador na Universidade de Vigo mediante algún dos seguintes programas de recursos humanos: Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva, programas posdoutorais da Universidade de Vigo, da Xunta de Galicia, do Estado ou da Unión Europea que permitan impartir docencia en POD.
- b) Acreditar un mínimo de cinco anos de actividade docente.

Para os efectos do cómputo de anos que dá dereito á avaliación, considerarase como período docente:

- O tempo acreditado nas universidades públicas mediante algunha figura de recursos humanos de persoal investigador:



b.1 Predoutorais:

- Persoal dos programas de formación predoutoral da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia.
- Investigadores en formación FPI ou FPU.
- Persoal investigador con contrato predoutoral regulado no artigo 21 da *Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación*.

b.2 Posdoutorais:

- Persoal contratado de programas «Ramón y Cajal» e «Juan de la Cierva».
 - Persoal contratado de programas «Isidro Parga Pondal».
 - Persoal contratado de programas «Ángeles Alvariño».
 - Outros programas posdoutorais da Universidade de Vigo, da Xunta de Galicia, do Estado ou da Unión Europea.
 - Persoal investigador con contrato de acceso de persoal investigador doutor regulado no artigo 22 da *Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación*.
- O tempo xustificado cun contrato ou nomeamento con capacidade docente nalgunha universidade ou centro de investigación estranxeiro acreditado, así como no Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), noutro organismo público de investigación españois (OPIs) ou nas universidades públicas, distintos dos especificados no apartado anterior (sempre que se desenvolvese nese período algunha actividade docente pola persoa solicitante).

Consideraranse situacións equivalentes a períodos docentes, a comisión de servizos en centros doutras administracións públicas e a situación das persoas representantes sindicais exentos de actividade docente.

4. Prazo e forma de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria e permanecerá aberto **ata o 9 de xaneiro de 2026**.

A solicitude debe ser presentada a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo <https://sede.uvigo.gal/> a través do procedemento «**SRHI-Solicitude de quinquenios para persoal investigador posdoutoral**» pulsando o botón «Iniciar tramitación».



5. Contido das solicitudes.

O formulario de solicitude deberá vir acompañado da seguinte documentación:

- a) Certificado de servizos prestados, onde se especifiquen as datas, categorías e dedicación, para o persoal investigador que acredite servizos noutras universidades públicas españolas, CSIC ou OPIs.

Os servizos prestados na Universidade de Vigo serán acreditados de oficio.

- b) Actividade docente realizada en universidades públicas ou OPIs en réxime de bolsa como persoal de programas de formación predoutoral relacionados no punto b.1 da base terceira desta convocatoria: Documento acreditativo da concesión da bolsa e certificación, expedida polo organismo competente na materia da entidade, xustificativa do goce da bolsa con indicación do tipo de bolsa e data de inicio e fin sinalando necesariamente día/mes/ano. Non será acreditación suficiente a presentación da credencial de concesión da bolsa ou da súa prórroga.

A acreditación deberá tamén indicar a actividade docente especificando o número de horas de docencia e o ano en que foi realizada.

Todos os informes de departamentos e/ou centros sobre a actividade docente desenvolvida na Universidade de Vigo serán solicitados de oficio pola Área de Calidade.

6. Emenda.

Recibidas as solicitudes, e revisados os expedientes conforme ao establecido nas bases desta convocatoria, dítase resolución provisional de solicitudes admitidas e excluídas coa súa causa de exclusión se a documentación achegada fose incompleta ou contivese erros subsanables.

Cada solicitude será identificada polo número do xustificante de presentación da solicitude pola sede electrónica da Universidade de Vigo.

Disporase dun prazo de dez días hábiles para emendar a falta ou achegar os documentos preceptivos. De non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.



As alegacións deberán presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante un procedemento xenérico de alegacións **SXER-ALEGACIONES** [pulsando o botón «Iniciar tramitación»](#), que se pode atopar nos procedementos dirixidos á *Cidadanía*.

Durante o período de emenda non se poderán reformular as solicitudes presentadas.

7. Criterios para a avaliación.

1. A cualificación obtida nas enquisas de avaliación docente será tida en conta para a concesión do compoñente do complemento específico por mérito docente (quinquenio) durante o período solicitado.

Para a concesión do devandito complemento será preciso:

-Informe da Xunta de Centro ou Centros nos que desenvolva a súa actividade docente. Este informe poderá ser «favorable» ou «desfavorable», estará baseado nas actividades docentes da persoa solicitante e as posibles reclamacións que, respecto da realización das súas obrigas docentes básicas, se teñan presentado. Quedan expresamente excluídas as valoracións obtidas nas enquisas de avaliación docente. Os informes desfavorables deberán motivarse con base nas reclamacións existentes.

-Informe do Consello de Departamento. Este informe será «favorable» ou «desfavorable», estará baseado nas actividades docentes da persoa solicitante e as posibles reclamacións que, respecto da realización das súas obrigas docentes básicas, se teñan presentado. Quedan expresamente excluídas as valoracións obtidas nas enquisas de avaliación docente. Os informes desfavorables deberán motivarse con base nas reclamacións existentes.

- Media simple das cualificacións globais obtidas nas enquisas de avaliación docente.

Esta media calcularase facendo a suma das cualificacións globais obtidas no período solicitado dividido polo número de cualificacións. Non entrarán a formar parte da media aqueles cursos nos que a persoa solicitante non teña valoración. Se por algunha circunstancia excepcional non houbera ningunha cualificación no período solicitado, esta condición non será tida en conta.

2. A concesión será automática para quen se atope nalgunha das seguintes situacións:



- a. Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 4,4 e non conte con informe favorable do Consello de Departamento nin da Xunta de Centro á que pertence.
 - b. Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 3,6 e teña informe favorable do Consello de Departamento ou informe desfavorable do Consello de Departamento e informe favorable da Xunta de Centro á que pertence.
 - c. Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 2,5 e conte con informes favorables do Consello de Departamento e Xunta(s) de Centro(s).
3. Os casos de solicitudes que non se atopen nunha das situacións descritas no punto anterior serán analizados pola Comisión de Investigación que poderá resolvelas, nun prazo máximo de dous meses, atendendo ás posibles circunstancias excepcionais que poidan concorrer, ou remitila ao Consello de Goberno.

8. Recoñecemento do complemento específico por mérito docente.

A vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, á vista da proposta da Comisión de Investigación, ditará resolución provisional motivada de recoñecemento ou non do complemento específico por mérito docente. As persoas interesadas poderán formular alegacións contra esta resolución concedéndose para isto un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da proposta polos medios indicados na base noventa

Unha vez examinadas as alegacións presentadas, a vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación ditará a resolución definitiva que expresará o número de complementos específicos por mérito docente recoñecido.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou ou recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación ou dende a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición interposto .



9. Medios de publicidade.

Todas as resolucións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación no taboleiro de anuncios da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

Complementariamente toda a información referida a esta convocatoria é publicada no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude sen que estas teñan a consideración de notificación.

10. Réxime de tratamento de datos.

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e co disposto no artigo 11 da lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a tramitación do procedemento selectivo, e amparados pola Lei 14/2011, de 1 de xuño da ciencia, da tecnoloxía e da innovación, a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e os estatutos da Universidade de Vigo.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.



As persoas participantes están obrigadas a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non o faceren, serán excluídas do proceso selectivo. Teñen dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a oporse ao dito tratamento e a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderán exercerse a través do procedemento «SXER-Exercicio dereitos sobre protección de datos» na sede electrónica ou de forma presencial nas oficinas de asistencia en materia de rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera dos lugares indicados para tal fin o artigo 16 LAPAC. Máis información <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos> Igualmente, poderán dirixir a solicitude directamente ao delegado de protección de datos da Universidade de Vigo, dpd@uvigo.gal, ou presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



AVALIACIÓN DOCENTE PARA PERSOAL INVESTIGADOR- 2024
ANEXO II - FORMULARIO DE SOLICITUDE

I- DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Apelidos e nome:	
DNI:	Xénero:
Categoría laboral a 31/12/2024:	
Teléfono:	Enderezo electrónico:

II. SERVICIOS PRESTADOS EN UNIVERSIDADES PÚBLICAS NALGUNHA FIGURA DE RECURSOS HUMANOS DE PERSOAL INVESTIGADOR:

CATEGORÍA	INICIO	FIN	DEDICACIÓN	ORGANISMO

III. OUTROS SERVICIOS DOCENTES :

CATEGORÍA	INICIO	FIN	DEDICACIÓN	ORGANISMO



PERÍODO PARA O QUE SE SOLICITA AVALIACIÓN	
INICIO (Día/mes/ano)	
FIN (Día/mes/ano)	

OBSERVACIÓNS

Sinatura electrónica

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original | C.S.V. : GEN-5564-9470-53e5-8202-23e5-238e-bc51-0c8a | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

